# Rúbrica para o REA2 en 6º Educación Física: Unha viaxe inesperada

| códigos | CRITERIO DE AVALIACIÓN | 4 (100%) | 3 (75%) | 2 (50%) | 1 (25%) |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA6.1** | **Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.** | **Recoñece os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física** e recoñecendo diferentes beneficios que aporta á saúde das persoas e sendo consciente dos beneficios dos xogos tradicionais e danzas respecto aos xogos sedentarios que provocan as novas tecnoloxías. | **Recoñece os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física,** e demóstrao poñendo dous exemplos en relación a varios dos seus ámbitos durante a situación de aprendizaxe. | **Recoñece os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física,** recoñecendo algún beneficio que aportan os xogos tradicionais e danzas para a saúde das persoas. | Ten dificultade en recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social dos xogos tradicionais e danzas. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA2.2 CA6.2 .** | **Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.** | **Integra os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices,** e demóstrao participando activamente nas sesións motrices que os traballan, interiorizándoos e realizándoos de maneira autónoma e rutineira na actividade física. | **Integra os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices,** participando activamente nas actividades que os traballan pero non os ten plenamente integrados de maneira autónoma na súa práctica motriz, xa que non amosa continuidade nas súas rutinas. | **Integra os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices,** participando nas sesións prácticas que os traballan, pero non o fai de maneira autónoma na súa práctica motriz. | Participa nalgunhas das actividades que traballan os procesos de activación, dosificación, relaxación e hixiene, pero ten dificultades para integralos na súa práctica motriz. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA3.3** | **Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.** | **Adquire un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa** demostrándoo en situacións motrices simples, secuenciadas e complexas, e transferíndoas eficientemente a situacións de xogo e outras actividades que xorden no seu espazo vivencial. | **Adquire un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa,** demostrándoo en situacións motrices simples, secuenciadas e complexas, pero non as consegue transferir eficientemente a situacións de xogo e outras actividades que xurden no seu espazo vivencial. | **Adquire un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.** demostrándoo no contexto de situacións motrices sinxelas e secuenciadas. | Adquire un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade sen eficiencia nin creatividade, demostrándoo soamente en situacións motrices sinxelas. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA1.6** | **Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.** | **Convive mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.** Amosa unha actitude crítica fronte a situacións discriminatorias e a violencia, e ten un compromiso activo no fomento do respecto ante a diversidade en todos os ámbitos. | **Convive mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade,** cunha actitude crítica fronte a situacións discriminatorias e a violencia, pero non amosa un compromiso activo na loita contra as mesmas. | **Convive mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade,** sen amosar unha actitude crítica nin un compromiso activo na loita contra este tipo de actuacións. | Ten dificultades na convivencia durante as sesións motrices, xa que non amosa habilidades sociais axustadas ás situacións. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA6.3** | **Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.** | **Adopta medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física,** identificando os contextos de risco para él mesmo e para os compañeiros, e actuando con precaución ante eles respecto a sí mesmo e cara os compañeiros. | **Adopta medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física**, identificando os contextos de risco para él mesmo e para os compañeiros, e actuando con precaución ante eles respecto a sí mesmo. | **Adopta medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física,** identificando os contextos de risco para él mesmo e actuando con precaución ante eles. | Ten dificultades para identificar riscos ou non actúa con precaución ante eles. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA5.2** | **Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.** | **Desenvolve proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.**<br><br>Establece obxectivos e metas claros e definidos, secuencia accións dos mesmos e móstrase crítico coa valoración do proceso e resultado, sendo capaz de introducir cambios significativos durante o proceso para a súa mellora. | **Desenvolve proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.**<br><br>Establece metas e accións relacionadas e definidas, pero aínda que se mostre crítico coa valoración do proceso e resultado, non é quen de introducir cambios significativos durante o proceso para a súa mellora. | **Desenvolve proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade,** pero non establece uns obxectivos e metas concretos para os mesmos. Non se mostra crítico coa valoración do proceso e resultado. | Desenvolve proxectos motores de carácter individual, definindo metas e secuenciando accións, xerando diferentes producións motrices. Amosa dificultades para o traballo cooperativo ou colaborativo. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA5.3** | **Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.** | **Participa en actividades de carácter motor autorregulando a súa actuación** de maneira correcta e responsable, con boa predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva. | **Participa en actividades de carácter motor autorregulando a súa actuación** de maneira correcta e responsable, con boa predisposición, un bo nivel de esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento. Actúa reflexivamente e xestiona as emocións, pero cústalle en algúns momentos expresalas de forma asertiva. | **Participa en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.** Faino mostrando esforzo, pero cústalle perseverar e ter mentalidade de crecemento ante os erros. Xestiona as súas emocións, pero ás veces cústalle actuar reflexivamente e expresar as súas emocións de forma asertiva. | Participa en actividades de carácter motor, pero cústalle autorregular a súa actuación, faino sen esforzo e con pouca perseveranza. Cústalle xestionar as súas emocións e non sabe expresalas de maneira asertiva. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA5.6** | **Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.** | **Valora o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero** ou capacidade **e os comportamentos sexistas.**<br><br>É quen de identificar eses comportamentos, os rexeita e propón e participa activamente en diferentes actuacións, ideas e formas que teñen a finalidade de que non se sigan reproducindo. | **Valora o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero** ou capacidade **e os comportamentos sexistas.**<br><br>Identifica eses comportamentos e os rexeita, implicándose e participando en actuacións, ideas e formas que teñen a finalidade de que non se sigan reproducindo. | **Valora o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero** ou capacidade **e os comportamentos sexistas.**<br><br>Identifica eses comportamentos e os rexeita, aínda que non soe implicarse en actuacións que teñen a finalidade de que non se sigan reproducindo. | Comprende o valor do deporte como fenómeno cultural, pero cústalle analizar criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CA2.5 CA3.2 CA6.4** | **Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.** | **Aplica principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas** Anticipa as súas accións e axústaas dependendo do obxectivo motriz da actividade. Faino ben en diferentes contextos e tanto en situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición. É quen de reflexionar sobre o proceso e as solucións co fin de mellorar. | **Aplica principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.** Anticipa as súas accións e axústaas dependendo do obxectivo motriz da actividade. Faino ben en diferentes contextos e tanto en situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, pero cústalle reflexionar sobre o realizado e as solucións propostas co fin de mellorar. | **Aplica principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.** Axusta as súas decisións e accións dependendo do obxectivo motriz da actividade. Faino en diferentes contextos e tanto en situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, pero cústalle anticiparse a certas situacións lúdicas e reflexionar posteriormente sobre as solucións motrices. | Ten dificultade en axustar as súas decisións e accións motrices ás actividades dependendo da súa finalidade. Mostra dificultade en algúns dos contextos das situacións (individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición) e non reflexiona sobre a súa actuación co fin de mellorar. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CA3.5<br>CA6.5 | Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano **en contextos terrestres ou acuáticos** de forma eficiente e segura, **valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva** ecosustentable **da contorna e comunitaria.** | **Adapta as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano de forma eficiente, segura e ecosostible.**<br><br>Utiliza as súas capacidades físicas e habilidades motrices participando e propoñendo actividades e xogos en diferentes contornas (naturais e urbanas) e diferentes medios (terrestres e acuáticos). Faino coidando os espazos nos que as practica e os seres vivos que neles conviven. Participa e crea actividades diversas, xa que é quen de valorar as súas posibilidades motrices da contorna. | **Adapta as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano de forma eficiente, segura e ecosostible**<br><br>Utiliza as súas capacidades físicas e habilidades motrices participando en actividades e xogos en diferentes contornas (naturais e urbanas) e diferentes medios (terrestres e acuáticos). Faino coidando os espazos nos que as practica e os seres vivos que neles conviven. Participando nesas actividades, valora e interioriza as posibilidades motrices da súa contorna próxima. | **Adapta as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano de forma eficiente, segura e ecosostible**<br><br>Utiliza as súas capacidades físicas e habilidades motrices participando en actividades e xogos coñecidos en contornas (naturais e urbanas), sen danar os espazos nos que as practica e os seres vivos que neles conviven. Cústalle participar ou interiorizar todas as posibilidades motrices que oferta a súa contorna. | Adapta as accións motrices máis sinxelas á incerteza propia do medio natural e urbano, pero non ten en conta aspectos de seguridade nin de coidado da contorna cando participa en actividades na súa contorna próxima. |
| CA5.5 | Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas **con arraigamento na** cultura propia, **tradicional ou actual,** así como **noutros** procedentes de diversas | **Participa activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas** da **cultura propia**, **así como procedentes de diversas culturas, recoñecendo o seu valor como espazo** | **Participa activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas** da **cultura propia**, **así como procedentes de diversas culturas, recoñecendo o seu valor como espazo** | **Participa activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas da cultura propia, así como procedentes de diversas culturas, recoñecendo o seu valor como espazo** | Non comprende ou non mostra interese na importancia de conservar as actividades e manifestacións artístico-expresivas da cultura propia e doutras culturas. Participa sen moita implicación ou non |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.** | **xerador de interaccións** Facilita, coa súa implicación nos xogos e actividades, a transmisión da cultura propia e doutras culturas e as interaccións construtivas entre persoas de diferentes lugares ou orixes. Mostra interese en crear e participar en iniciativas e dinámicas que fomenten a súa conservación. | **xerador de interaccións.** Facilita, coa súa implicación nos xogos e actividades, a transmisión da cultura propia e doutras culturas e as interaccións construtivas entre persoas de diferentes lugares ou orixes, axudando así á súa conservación. | **xerador de interaccións.** Coa súa implicación nos xogos e actividades, fomenta a transmisión da cultura propia e doutras culturas (axudando así á súa conservación), pero cústalle conectar e establecer interaccións construtivas entre persoas de diferentes lugares ou orixes. | participa nos xogos e actividades relacionadas coa transmisión cultural que teñen a finalidade de crear conexións e interaccións entre persoas de diferente orixe. |

CC BY NC SA “Documento base para a elaboración de rúbricas de avaliación en 6º de Educación Física en Educación Primaria”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0